



A Real Federación Española de Caza fai alegacións ó anteproxecto de Lei do Patrimonio Natural e da Biodiversidade

Resumo das alegacións ós diferentes artigos:

1.- O réxime de protección que establece a Lei nos espazos naturais protexidos, nos que se inclúen todos os da Red Natura, poden facer inviable a práctica da caza nos mesmos e, en todo caso, provoca unha situación de inseguridade xurídica.

2.- Toda a regulación relativa á caza e a pesca invade competencias das Comunidades Autónomas e pasan a considerarse prohibidas e gravemente sancionadas determinadas modalidades de caza así como o emprego de reclamos.

3.- O réxime de declaración de utilidade pública dos espazos protexidos ós efectos expropiatorios supón un ataque ó dereito de propiedade sen precedentes. Calquer espazo pode ser expropiado por causas pouco xustificadas. O mesmo é aplicable ós dereitos que se reserva a administración en materia de tanteo e retracto. Esta situación vai provocar que os propietarios de fincas e titulares de cotos de caza estén pouco interesados en que existan especies protexidas no seu territorio por medo á expropiación e con elo poderán cesar as medidas de conservación que de forma totalmente altruísta moitos propietarios están asumindo actualmente. O premio á súa labor altruísta pode ser no sucesivo a expropiación por parte da administración que poida estar interesada no terreo. Convén lembrar neste punto que a xestión pública dos terreos case nunca se caracterizou pola súa efectividade.

O principio de sostenibilidade, tan frecuentemente empregado na Lei, ten que basarse en que a caza tamén é parte desa sostenibilidade. A caza tivo e ten un importante papel na conservación da natureza, o cal non se pode obviar. Faise referencia continua á sostenibilidade, pero obvianse os dereitos das poboacións locais.

4.- A caza contéplase como unha excepción ó rexime xeral de prohibición. Isto é absolutamente inaceptable. A caza é hoxe un dereito e practícase por case un millón de persoas no noso país. Pretender que só sexa recoñecida pola vía da excepción supón privarlle da súa verdadeira condición, que non é outra que un dereito que ven recoñecido pola nosa propia Constitución.

5.- A Lei parte do principio de alonxamento do home co medio, sen ter en conta que hoxe en día a intervención do home existe en calquer medio. Non se pode legislar á marxe deste principio, e por elo haberá que ter en conta os intereses das poboacións locais e dos usuarios do medio natural, por riba doutros intereses. Calquer proxecto que non teña en conta este principio está abocado ó fracaso.

6.- A administración estatal debe ter en conta que hoxe en día a caza é un recurso que xenera importantes recursos. Ó igual que calquera outra actividade, pode ter circunstancias medioambientais, que sen dúbida deben ser mitigadas, pero non por elo se debe restrinxir e limitar da forma que se pretende neste borrador de Lei.

Debera facerse un esforzo por reducir e unificar o número –máis de 13- e denominación dos espazos protexidos que aparecen na Lei. Se a estos mesmos os das Comunidades Autónomas todo elo se fai intelixible polos cidadáns.

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com